

COMUNICADO DE PRENSA **O CARBALLIÑO 21/02/17**

COA PUBLICACIÓN DO CONCURSO PARA PRIVATIZAR POR 3 ANOS A RECADACIÓN DO CONCELLO DO CARBALLIÑO, O GOBERNO SOCIALISTA RENUNCIA A TRANSFORMAR ESTE SERVIZO EN PÚBLICO.

O PACTO DE ORZAMENTOS DE 2017 ENTRE PSOE E ALTERNATIVA VECIÑAL, EVIDENCIA UN FRAUDE PARA OS VECIÑOS/AS DO CARBALLIÑO SÓ A 10 DÍAS DO PLENO.

Xa non poderá ser neste mandato cando o servizo de recadación do Concello do Carballiño, pase a ser público e municipal, tal como era o desexo do propio Pleno do Concello en acordo tomado a estos efectos.

Está xa publicado no Perfil do Concratista da Web do Concello do Carballiño os pregos administrativos, e técnicos para a asistencia técnica e de colaboración en materia de xestión recadatoria do Concello, que sae por tempo de 2 anos prorrogable a petición do adxudicatario por 1 ano máis ata un total de 3 anos.

Dende o Partido Popular, parécenos un atrevemento de gran magnitude este anuncio, xa que o Grupo socialista está en minoría, e non nos consta que teña apoio de ningún grupo político con representación municipal que sostente esta solución como a idónea para a recadación municipal.

Tíñamos ademáis entendido, que unha das partes do acordo dos orzamentos do 2017 que o Alcalde asinou co concelleiro de Alternativa municipal, incluso pasaba pola municipalización deste servizo, e igual este Concelleiro agora entende que esta privatización que se acordou, con posterioridade ao pleno dos orzamentos, en Xunta de Goberno o 15 de febreiro, é precisa para o Concello.

Cando esta privatización esté adxudicada nos levará como mínimo á maio de 2019 (2 anos) e podendo chegar a maio de 2020 coa prórroga á que terán dereito. Ademáis no Prego publicado só será o contratista e non o contratante (Concello), quen poida pedir en calqueira momento a paralización desta relación contractual.

O Grupo Socialista en minoría no Goberno municipal, leva dende que chegou a este mandato meneando a perdiz e enganándonos a todos os grupos políticos e vecinos/as do Carballiño, decindo que a quere facer público aquilo que segue a privatizar, e seguro que as verdadeiras razóns desto non se poñen sobre a mesa.